

**ACORDO do 21 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construcción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Braña Ancha, nos concellos de Santa Comba e Coristanco (expediente IN408A 2020/21). DOG Núm. 248, de 28 de decembro de 2021. Prazo para remitir alegacións: 10/02/2022**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211228/AnuncioG0596-211221-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211228/AnuncioG0596-211221-0004_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico/branha-ancha>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
Parque Eólico Braña Ancha	Adelanta Corporación, S.A.	Santa Comba e Coristanco (A Coruña)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Catro (4) aeroxeradores tripá, de 5,6 MW de potencia nominal unitaria, con velocidad e paso variables, altura de buxa de 105 m e diámetro do rotor de 150 m.</li> <li>• Catro (4) centros de transformación trifásicos situados no interior de cada aeroxerador, con transformador de potencia aparente unitaria 7.000 kVA e relación de transformación 0,72/30 kV, coas súas correspondentes celas metálicas de seccionamento, manobra e protección.</li> <li>• Unha (1) subestación eléctrica transformadora (SET) 66/30 kV con transformador de potencia intemperie, trifásico, de potencia aparente nominal 25/30 MVA (ONAN/ONAF) e relación de transformación 66/30 kV. A SET distribúese da seguinte forma: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Parque de 66 kV en intemperie cunha posición de transformador-liña. Incluiranse os elementos asociados tales como: dúas autoválvulas para a protección do transformador, un módulo híbrido con funcións de interruptor automático, seccionador e transformadores de intensidade, tres transformadores de tensión en liña e tres pararrairos.</li> <li>– Parque de 30 kV: parte deste sistema estará situado na sala de celas (no interior do edificio de control). O seu esquema será de simple barra e estará formado por unha cela de protección do transformador de potencia, unha cela de protección de baterías de compensación, dúas celas de manobra, medida e protección de liña (circuítos colectores procedentes do parque eólico), unha cela de protección do transformador de servizos auxiliares (SSAA) e unha cela de seccionamento e medida. Ademais, instalarase un transformador de SSAA de 100 kVA e relación 30/0,4 kV. No parque exterior localizarase a reactancia de posta a terra no transformador de potencia e a batería de condensadores.</li> <li>– Disporá dun edificio de control con salas independentes para distintos usos.</li> </ul> </li> <li>• O sistema colector de media tensión (MT) está formado por dous circuítos de 30 kV en instalación subterránea e ten como obxecto a canalización da enerxía xerada polas aeroturbinas ata a SET do parque eólico (PE). O tipo de cable utilizado será condutor RHZ1-OL 1×240 Al 18/30 kV + H16.</li> <li>• A posta a terra da rede de MT está constituída por un cable de cobre espido, de sección mínima 50 mm<sup>2</sup>, tendido ao longo da canalización de MT no fondo da gabia. O sistema de posta a terra será único para a totalidade do parque eólico.</li> <li>• Pola mesma gabia das citadas liñas de MT instalarase una rede de comunicacóns que utilizará como soporte un cable de fibra óptica.</li> </ul>

óptica monomodo con fibras de 9/125 µm, que se emplegará para a monitorización e control do PE.

- O PE Braña Ancha dispón de permiso de acceso e conexión á rede eléctrica de transporte no nó Mesón do Vento 220 kV. Para a súa efectiva conexión, desde a SET do parque proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) de 66 kV ata a subestación do parque eólico Campelo 220/66/30 kV. Esta liña ten condición de instalación de conexión común e será compartida con outros parques da contorna. Desde a subestación do PE Campelo proxéctase a LAT 220 kV Campelo-Mesón do Vento, que conectaría coa subestación colectora Mesón do Vento 220 kV. Mediante unha LAT 220 kV conectaríase esta subestación coa subestación Mesón do Vento 220 kV, propiedade de REE, punto de conexión á rede de transporte e actualmente en servizo. Todas estas infraestruturas de evacuación: a subestación PE Campelo (expediente IN661A 2011/16, en tramitación) e a subestación colectora Mesón do Vento 220 kV (expediente IN408A 2020/145, en tramitación), así como as liñas LAT 66 kV SE PE Braña Ancha-SE PE Campelo (expediente pendente de tramitar) e LAT 220 kV Campelo-Mesón do Vento (expediente IN408A 2018/14, en tramitación) non forman parte do presente proxecto.